

CONTOS DE TOKIO

Yasujiro Ozu, 1953

548

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 26 de xuño e 4 de xullo | V.O.S.E.

Tokyo Monogatari (1953, 136')

Dirección: Yasujiro Ozu

Guión: Yasujiro Ozu, Kogo Noda

Elenco: Chishu Ryu, Chieko Higashiyama, Setsuko Hara, Sô Yamamura, Haruko Sugimura, Kuniko Miyake, Kyôko Kagawa, Eijirô Tono, Nobuo Nakamura, Shirô Ôsaka

Son: Yoshiomi Hori, Mitsuru Kaneko, Yoshisaburô Senoo

Montaxe: Yoshiyasu Hamamura

Dirección de arte: Tatsuo Hamada

Vestiario: Taizô Saitô

Música: Takinori Saito

Fotografía: Yuuharu Atsuta

Produtora: Shochiku Kinema Kenkyû-jo (Xapón)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Xaponés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El sabor del sake, 1962

Otoño tardío, 1960

Buenos días, 1959

La hierba errante, 1959

Crepúsculo en Tokio, 1957

Primavera tardía, 1949

He nacido, pero..., 1932

PREMIOS E FESTIVAIS

Sight & Sound (Terceiro mellor filme da historia no Top 50 da publicación)

SINOPSE

Unha parella de anciáns viaxa a Tokio para visitar os seus fillos, pero ningún deles ten tempo para atendelos, polo que deciden envialos a un balneario. Cando regresan, a nai pasa unha noite na casa dunha nora, viúva dun dos seus fillos. A diferenza dos seus cuñados, Noriko mostra afecto polos seus sogros e conforta a anciá.

«Ozu é un dos meus directores favoritos. A súa sinxeleza e a pureza do seu estilo continúan a ser unha grande inspiración para min»

Jim Jarmusch



Un clásico inmediato

Por Roger Ebert

En *Contos de Tokio*, Yasujiro Ozu cóntanos unha historia tan sinxela e universal como a vida mesma. Fálanos da vida cotiá de xente común, da natureza da vida e da morte. Non conta nada novo pero ten a verdade da súa man (...) *Contos de Tokio* foi realizada en 1953, na época en que as grandes obras mestras do cinema nipón comezaban a se dar a coñecer no público occidental. As mellor coñecidas na altura eran *Rashomon* (Akira Kurosawa, 1950), *Contos da lúa pálida* (Kenji Mizoguchi, 1953) e *La puerta del infierno* (Teinosuke Kinugasa, 1953). Pero *Contos de Tokio* non foi importada naquel tempo e tardou varios anos en chegar ás pantallas occidentais. Semella claro que se trata dunha das grandes xoias descoñecidas do cinema xaponés de inicios dos 50 e que ten bastante en común con ese outro mestre chamado Kenji Mizoguchi. Ambos son observadores honestos e impasíbeis. Ambos renuncian a manipular o tempo real que precisa cada acción para se desenvolver, Ozu apenas move a cámara e bota man dunha edición moi controlada namentres Mizoguchi grava en longos planos sen cortes.

Esta caste de obxectividade xera un efecto interesante pois como espectadores non somos manipulados por trucaxes de edición ou movementos de cámara, non se nos suxire ningunha

reacción forte ou concreta namentres vemos *Contos de Tokio*. Non atopamos as pistas e as faragullas de pan coas que os cineastas occidentais van guiando a nosa experiencia. Con Ozu semella como se os personaxes estivesen a vivir a súa vida ignorantes de que unha cámara de cinema está a gravar un filme. Tras vinte anos de abandono e nove anos após a morte do director^{*} emocionáanos recibir a estrea dun clásico inmediato como *Contos de Tokio*.

* O texto foi escrito en 1972, na estrea do filme nos Estados Unidos.

Publicado en www.rogerebert.com

Amar a distancia

Por Pedro Costa

Coñecín Xapón a través dos tres directores máis coñecidos en Europa: Mizoguchi, Ozu e Naruse. Os tres morreron e pertencen a outro tempo pero permitíronme amar Xapón na distancia, e iso é moi importante no cinema, amar a distancia (...) Un día un xornalista preguntoulle a Kenji Mizoguchi se a lle gustaban os filmes do seu colega Ozu ao que el respondeu que por suposto que si, que o que Ozu facía era moito máis difícil e misterioso do que o propio Kenji realizaba. Isto é todo un eloxio

vindo de Mizoguchi, a quen acotío se lle considera un realizador poético e misterioso namentres a Ozu adóitase pensar como un cineasta cos pés na terra e moi realista. Tamén foi Mizoguchi quen dixo: «O que ese cabaleiro consegue facer coas portas é moito máis difícil que o que eu adoito facer». É fermoso porque Mizoguchi é un director de segredos e misterios mentres Ozu é un director de portas e ventás, de entradas e saídas, de matrimonios, de cuestións básicas. É coma se Mizoguchi estivese a dicir: «O que eu non deixo de pescudar na brétema Ozu atópao filmando portas e calexas. Iso é moito máis misterioso e difícil». Ese é o pronunciamento dun xenio. Iso é, para min, o maior cumprimento que un director pode dedicar a outro e tamén a máis fermosa definición de conceptos como documental, ficción ou realismo e do que é a imaxinación.

(...) Penso que Mizoguchi, Ozu, Griffith e Chaplin son os documentalistas máis ilustres e, por tanto, os directores máis grandiosos da vida e a realidade. Son os cineastas que agochan as cousas, que pechan as portas e nós, ás veces, somos quen de abrilas. Porén, abrir as portas destes filmes é difícil, perigoso e implica traballo. Un filme é sempre un documental da súa propia filmación. Aquí direi que cada filme de Ozu e Mizoguchi é sobre todo unha obra sobre o pracer dun artista ao traballar, sobre o traballo, e ese traballo cando está ben feito é fermoso, dío todo. O traballo ben realizado é o tema máis importante de calquera dos seus filmes.

Publicado en conlosojosabiertos.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La poética de lo cotidiano, Yasujiro Ozu
Gallo Nero, 2017

La casa de ozu, Marta Peris Eugenio
Shangrila, 2019

Yasujiro Ozu, Antonio Santos
Cátedra, 2012

6 largometrajes en blanco y negro, Yasujiro Ozu
A Contracorriente Films [DVD]

4 largometrajes en color, Yasujiro Ozu
A Contracorriente Films [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax